



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre | Código | 652G03030 | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Pose Porto, Hector Manuel | Correo electrónico | hector.pose@udc.es | |
| Profesorado | Barba Núñez, María | Correo electrónico | maria.barba@udc.es | |
| | Pose Porto, Hector Manuel | | hector.pose@udc.es | |
| Web | www.udc.es/dep/pdce/HectorPose | | | |
| Descrición xeral | <p>Na materia abordaremos o concepto de tempo libre, as consideracións desde múltiples ámbitos sobre este aspecto da vida das persoas de todas as idades, factores e recursos a ter presentes na súa intervención para rematar o cuatrimestre desenvolvendo un obradoiro práctico de animación teatral.</p> <p>De natureza eminentemente práctica, ademais da docencia do profesor responsable, tratarase de convidar a expertos no sector a compartir experiencias co alumnado.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes. |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |
| A6 | Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos. |
| A7 | Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa. |
| A9 | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario. |
| A11 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. |
| A15 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa. |
| A19 | Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos. |
| A20 | Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos. |
| A21 | Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B3 | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade. |
| B4 | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe |
|---------------------------|
|---------------------------|



| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|----------|----------------------|
| Coñecer a terminoloxía específica da pedagogía do lecer o do tempo libre | A1 A5 A6 A9 | B1 B4 | |
| Elaborar e xestionar medios e recursos para intervención no tempo libre | A15 A19 A21 | B3 B6 | C6 |
| Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan presentar, defender e desenvolver proxectos cara o tempo libre | A7 A11 A20 | B6 | C1 C3 C5 C7 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Lecer e tempo libre na sociedade contemporánea e as súas potencialidades educativas. | 1.1 Lecturas para coñecer as diversas perspectivas e enfoques. 1.2 Discusión en clase. |
| 2. A acción-intervención educativa no tempo libre. | 2.1 Espazos, ámbitos e contextos da acción-intervención no tempo libre. |
| 3. A animación teatral como ferramenta de intervención no tempo libre en múltiples contextos. | 3.1 Xenealoxía da animación teatral. 3.2 A súa práctica. 3.3 O teatro lido como recurso. |
| 4. Unha programación: elaboración e deseño | 4.1 Pasos e factores a ter presentes na elaboración dunha programación. |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A5 A7 A9 A21 | 18 | 2 | 20 |
| Aprendizaxe colaborativa | A20 | 3 | 20 | 23 |
| Estudo de casos | B1 B3 B4 | 13 | 52 | 65 |
| Discusión dirixida | B6 | 3 | 3 | 6 |
| Lecturas | C5 C6 C7 | 2 | 5 | 7 |
| Simulación | A6 A11 A15 A19 C1 C3 | 2 | 8 | 10 |
| Proba mixta | A1 A7 | 2 | 16 | 18 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |



| | |
|--------------------------|---|
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo |
| Discusión dirixida | O profesor achegará algún tema á clase para ser abordado e discutido polo alumnado, ou en grupo ou con toda a clase |
| Lecturas | Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados. |
| Simulación | Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Lecturas Estudo de casos Proba mixta | O alumno/a que determina cursar a materia (por motivos laborais e xustificadas) sen presenza continuada e regular, deberá conversar co profesor a planificación oportuna. A súa avaliación será diferente ao alumnado en xeral, tendo que superar as actividades que propoña o profesor (lecturas, seguimento acción, exame). |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|------------------|---------------------------|--|---------------|
| Sesión maxistral | A1 A5 A7 A9 A21 | Valórase a presenza e implicación no desenvolvemento das clases, tanto prácticas (dinámicas de xogos, habilidades comunicativas, obradoiro de animación teatral...) como teóricas así como nos encontros con experiencias e profesionais do sector | 60 |
| Lecturas | C5 C6 C7 | O Dossier do alumnado que se porá a disposición do mesmo, serán artigos e documentos que, a longo das clases, o profesor poderá solicitar unha opinión sobre eles. Para computar positivamente ditas lecturas, o profesor formulará cuestións ao redor dos mesmos. | 15 |
| Estudo de casos | B1 B3 B4 | O profesor valorará as achegas razoadas do alumno/a. A súa capacidade de ligar os coñecementos das diversas materias, a madurez nas reflexións, as citas e a propia bagaxe experiencial do alumno/a. | 25 |
| Proba mixta | A1 A7 | Só para aquel alumnado que, por circunstancias excepcionais, non poida asistir regularmente á clase | 0 |

Observacións avaliación



As persoas que non acadan un mínimo do 80% das sesións presenciais ou que dispoñan de dispensa académica por motivos xustificadas, de querer superar a materia deberán:

Realizar unha proba teórico-aplicativa o día do exame que supón o 60% da cualificación deste alumnado. O traballo tutelado, para estas persoas, será de obrigado cumprimento en consenso co profesor (40%).

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>Bantulá, J. (2001): Juegos motrices cooperativos. Paidotribo: Barcelona. Baroja, V. e Sebastiani, E. (2000): Unidades didácticas para secundaria IV. Jugar, jugar, jugar. INDE: Barcelona. Caballo, María B. e Fraguera, R. (coords.) (2005): A acción municipal no tempo libre. Deputación da Coruña: A Coruña. Colección Cadernos Temáticos interarea. Cañas, J. (1994): Didáctica de la expresión dramática. Ooctaedro: Barcelona. Caride, J. A. e Vieites, M. (coords) (2006): De la educación social a la animación teatral. Trea: Gijón. Caride, J. A. e Trillo, F. (coords) (2011): Diccionario galego de pedagogía. Galaxia: Vigo. Castro, M. e outros (2007): La escuela en la comunidad. La comunidad en la escuela. Grao: Barcelona. Castro, M. e outros (2008): Educación Social e Escola. Nova Escola Galega. Santiago. Cuenca, M. (2004): Pedagogía del Ocio: modelos y propuestas. Bilbao: Universidad de Deusto. Chacón, F. e Vecino, M. (2006): Cómo trabajar con adolescentes en el tiempo libre. Zaragoza: Certeza. Eines, J. e Mantovani, A. (1997): Didáctica de la dramatización. Gedisa: Barcelona. Del Pino, J. A.; Dauso, A. e Martínez, R. (2001): Prácticas de ocio, cambio cultural y nuevas tecnoloxías en la juventud española de fin de siglo. Madrid: CCS. Devos, F. (2006): Jóvenes pero alcanzables. Fundación Autor: Madrid. Devos, F. e outros (2009): Infancia, juventud y comunicación. Fundación Autor: Madrid. Educación Social (2006): Revista. Monográfico "El Juego, herramienta educativa", mayo-agosto. Fraguera, R.; Lera, A. e Varela, L. (2002): "Contribución al desarrollo grupal a través de actividades motrices". Revista galego-portuguesa de psicología e educación, vol. 8, p.9-26. Froufe, S. (1998): Técnicas de grupo en animación comunitaria. Amarú: Salamanca. Motos, T. (1983): Iniciación a la expresión corporal. Humanitas: Barcelona. Motos, T. (1987): Prácticas de Dramatización. Humanitas: Barcelona. Palacios, J. (1999): Jugar es un derecho. Fundamentos pedagógicos del juego. Xaniño: A Coruña. San Salvador, R. (2000): Políticas del ocio: cultura, turismo, deporte y recreación. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao. Pantoja, L. (1998) (coord): Nuevos espacios de la educación social. ICE: Bilbao. Setién, M. e López, A. (edit) (2003): Mujeres y ocio. Nuevas redes de espacios y tiempos. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao. Tejerina, I. (1994): Dramatización y teatro infantil. Siglo XXI: Madrid. Ucar, X. (1992): El teatro en la animación sociocultural. técnicas de intervención. Diagrama: Barcelona. Valle, J. (2017): La razón también tiene sentimientos. Culbuks: Sevilla. Vial, J. (1988): Juego y educación: las ludotecas. Akal: Madrid. Ventosa, V. (1996): La expresión dramática como medio de animación en educación social. Fundamentos, técnicas y recursos. Amarú: Salamanca. Yubero, S.; Caride, J. A.; Pose, H. e Larrañaga, E. (2016). Educación social y alfabetización lectora. Síntesis: Madrid.</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>O profesor, ao longo do cuadrimestre, irá presentando outras fontes bibliográficas e de boas prácticas que sexa novidade editora ou que respondan a algún caso específico do ámbito que nos ocupa: un proxecto municipal ou doutro axente socioeducativo, un video, noticia de prensa, etc.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Administración local e acción cultural e educativa/652G03040

Observacións

Acordar co profesor o soporte e prazos dos traballos a desenvolver.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías